

**CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO**



**Organiza: Oficina Municipal de Información ao Consumidor
(OMIC) e VIGOZOO**

Nome da actividade: “Faino tí mesmo”

Nesta nova actividade de educación ambiental, a Concellería de Medio Ambiente, a través dos departamentos da OMIC e VIGOZOO organizarán varias actividades nas que se pretenden inculcar á poboación infantil os conceptos e valores de “Consumo responsable” e “reciclaxe”, tan importantes hoxe en día para o mantemento da biodiversidade.

Por iso organízanse 4 visitas a Vigozoo para un máximo de 200 participantes en cada unha delas nas datas 11, 12, 18 e 19 de decembro. En cada visita os rapaces traballarán nun obradoiro de reciclaxe, creando cada un deles un insecto de material reciclado que poderán utilizar como agasallo para o vindeiro Nadal.

Cronograma da actividade:

- 10:45 horas: entrega dos nenos na taquilla de Vigozoo por parte dos pais (lembrar traer a ficha de inscrición cuberta e asinada).
- 11:00 a 12:15 horas: obradoiro de consumo responsable e reciclaxe
- 12:15 a 13:30 horas: visita guiada ás instalacións de Vigozoo
- 13:45 horas: recollida dos nenos polos pais na taquilla de Vigozoo.

Recursos humanos que participan na actividade:

- 1 coordinador do programa
 - 8 técnicos para o obradoiro de consumo responsable e reciclaxe
 - 2 técnicos ambientais
 - 1 socorrista
 - Equipo de voluntarios da Agrupación de Protección Civil de Vigo
- Total: 20 persoas

Inscripción nas actividades:

A actividade é totalmente gratuita

Dado que os participantes son menores de idade, son os pais, nais ou titores quen formalizarán a inscrición, cos seguintes requisitos:

1.- Reserva de praza chamando ao 010 e facilitando os seguintes datos dos participantes:

- Nome completo do responsable e participante
- DNI
- Data de nacemento
- Teléfono de contacto

2.- Imprimir a plantilla de inscrición, descargándoa desde a páxina web do Concello de Vigo:

- www.vigo.org
- Acceso ao link do Camiño a Camiño
- Acceso ao programa "E MÁIS"
- Acceso ao programa "Faino ti mesmo"
- Descarga da plantilla

3.- Entrega da autorización debidamente cumprimentada e asinada aos monitores no momento da chegada a Vigozoo.

Cuestións importantes relacionadas coa actividade:

- As inscricións comezan o 29 de novembro e finalizan o venres anterior á visita concertada.
- Todos os participantes están cubertos por un seguro de Responsabilidade Civil mentras dure a actividade.
- Os pais/nais/titores levarán e recollerán aos rapaces na taquilla de Vigozoo segundo as horas indicadas no cronograma. Desde o inicio á finalización dos obradoiros estarán acompañados polo persoal técnico de cada grupo.
- Ao finalizar os obradoiros está previsto entregar aos rapaces un chocolate con leite quente. Se existise algunha alerxia alimenticia que impidise tomar este produto, debe sinalalo na plantilla de inscrición.
- Ante calquera dúbida sobre a organización e realización da actividade, poden consultar no servizo de atención telefónica 010 ou no 680 554928.